

## FEDERALISMO E REXIONALISMO GALEGOS NO SÉCULO XIX

Nas "I Jornadas de Metodoloxía aplicada a las ciencias históricas, Santiago, 24-27 abril, 1973", presentéi unha comunicación co título "Aproximación metodolóxica al estudio del federalismo republicano en Galicia, 1869-1874", na que pretendía:

1.º Ofrecer un catálogo das fontes pra o estudo do federalismo galego.

2.º Utilizando, como hipótesis de traballo, o modelo interpretativo do rexionalismo catalán, coidéi topar tamén, pra o caso da *interpretación ideolóxica* ou superestrutural do rexionalismo galego (deixaba a un lado a interpretación de base infraestrutural, que require outro tipo de investigación, aínda no feita) catro aportes fundamentais: o "cultural", o que chaméi "proteccionismo agrario", a liña "tradicionalista" e o "federalismo republicán".

3.º Faguer unha aproximación á historia do federalismo galego, como un posíbel aporte do rexionalismo, e tanxelar un pouco a súa incidencia histórica. Deste xeito creín poder afirmar que o rexionalismo galego adquire co federalismo un tipo de militancia política que inantes non tiña. A partir do federalismo republicán as preocupacións básicas do movemento rexionalista (xa veremos logo cómo compre falar de movemento como algo distinto do partido) serán, máis que o idioma, unha solución económica e política dos problemas do pobo galego. A devandita afirmación, sin dúbida discutíbel, non rexeitaba que o rexionalismo anterior tivera xa unha militancia política. Sólo pretendía suñar que dende o federalismo a proxección do rexionalismo será *máis política* ao se referir a problemas que coido máis trascendentes pra aquel home.

Estas foron as pretensións daquela comunicación.

Hai pouco tempo e nestas mesmas páxinas da revista "Grial" (n.º 42, 1973, p. 430-6) Vilas Nogueira publicou un artigo<sup>1</sup> no que, nun estilo afortunadamente xa desadoitado nos medios intelectuais, acúsame de mistificación e manipulación da historia, así como de incurrir en varias contradicións. Vexamos, un a un, todos os cargos:

<sup>1</sup> Vilas Nogueira, *Federales e rexionalistas galegos no XIX. Un exemplo de mistificación histórica.*

## 1. *Mistificación cara atrás:*

Según Vilas Nogueira a manipulación que fago pódese traducir nun desconocimento, minimización ou caricaturización do rexionalismo anterior ao período estudado. E todo isto é porque afirméi que o rexionalismo precedente teimou máis nos problemas do idioma que na situación económica do pobo. Pra Vilas, pola contra, a preocupación económica era xa unha parte do programa de Faraldo e faise presente no pronunciamento de 1846. Coida demostrar a súa afirmación con dous argumentos: A opinión de Elías de Tejada e o Manifesto da Xunta Superior de Galicia do 15 de abril de 1846. Os dous textos (dende unha metodoloxía histórica científica non se poden valorar por igual dous textos dos que un é “testemuño”, namentras que o outro soio recolle unha opinión a máis de cen anos de distancia, e sin aportar ningunha outra proba documental) éranme sobradamente conocidos, como tamén conozo o que publicaron Faraldo, Terrazo, Díaz Robles, etc. nos xornáis e revistas do tempo: “El Porvenir”, “La situación de Galicia”, “El Recreo Compostelano”, “El Idólatra de Galicia”; e como conozo practicamente *toda* a documentación que se garda nos arquivos sobor do pronunciamento de 1846, especialmente a procedente dos fondos da Capitanía Xeneral ao traveso da que, e moito mellor que por sóio dous textos, se poden albiscar os obxetivos daquel pronunciamento. Despois de conocer e estudar este material, que con gusto ofrezco a Vilas Nogueira, arrisqueime a afirmar que a gran aportación de Faraldo e do movemento que precede a 1846 foi: o renacemento cultural, posteriormente proseguido por outros autores, e o ter logrado tomar concencia da singularidade política de Galicia. A preocupación económica, que non neguéi existira xa naquel movemento, non tivo non embargantes, e sempre asegún a miña opinión, a suficiente relevancia como pra abrir un canle de predominante preocupación económica no noso rexionalismo.

Esto afirméino entón e afirmoo hoxe. Si o Sr. Vilas Nogueira conoce toda esta documentación e non embargantes mantén outras conclusións ren lle poído obxetar por entender, *entón*, que se funda en razóns sólidas. Coido, por conseguinte e ao menos pola miña banda, que non se pode falar de desconocimento ou minimización.

Na devandita comunicación había unha frase, cecáis non moi axeitada, que foi manifestamente manipulada por Vilas. Decía eisí: “Este regionalismo (referíame ao federal) rompe con el galleguismo seudo rebelde de la canción protesta de entonces, no se hace problema del idioma y, sobre todo, elimina el acento lacrimoso de su lenguaje. Es un regionalismo que va a las bases: a la economía que fundamentará una nueva organización política”. O miolo do texto é sinxelo: Díse que o

rexionalismo federalista nordéase cara un obxectivo distinto da defensa do idioma. Con esto non se afirma nin nega que os federáís desbotaran o idioma, nin que o idioma non teña incruso un significado revolucionario. Sinxelamente díse que os federáís ao proiectar as bases do rexionalismo, que pretendían, entestan de cara a outra problemática. A primeira frase, que é miña e non teñen por qué cargar con ela os federáís, si non se estima axeitada téñase por non posta, pro que a miña valoración da “canción protesta” de entón non sirva pra trabucar a esencia do texto que ren ten que ver ca frase devandita. Os poetas a que me referín son os anteriores a 1873 e a súa nómina é dabondo crecida, aínda que pense outra cousa o Sr. Vilas. Basta con se achegar ás páxinas da mañífica obra do profesor Carballo Calero: *Historia da Literatura Galega Contemporánea*. Pra concluir: Non é xusto falar de caricaturización porque a alguén non lle goste unha frase, nin é lóxico mesturar as ideas faguendo que se perda a cerne dun texto a causa dunha frase totalmente accidental no mesmo.

## 2. *Mistificación cara adiante:*

Non se esplica Vilas a incrusión de Alfredo Brañas no grupo dos tradicionalistas e que ao mesmo eu afirme que o seu esquema da orgaización de Galicia como entidade política coincida na meirande parte co esquema federalista. Unha vegada máis compre acodir ás costatacións. Si Vilas coñece o esquema proposto por Brañas nas súas obras: *El regionalismo, La Crisis económica*, e nos apuntes sobor do “Proyecto de Constitución Federal”, e si ao mesmo tempo coñece o proxecto de constitución do estado galego dos federáís, decatárase que as diferencias son moi pequenas. O feito de que Brañas fora ou non monárquico non empece a afinidade do seu proxecto co federal. Tampouco fai que as bases de filosofía xurídica sobxacente foran tamén diversas. O feito que eu quixen sulñar é a coincidencia nunha praxis política rexionalista. Pro estas cousas compre conocelas e conocelas ben.

Tampouco no caso de Murguía o Sr. Vilas Nogueira parece ter as ideas moi craras. Murguía amosouse sempre un afervoado rexionalista, pro inantes do 1868 non participou en ningún partido político especificamente galeguista, porque non o había. No 1868, e formando parte do partido progresista, foi nomeado Segretario da Xunta Revolucionaria de Santiago (as Actas, en parte estudadas por Cores Trasmonte, están no arquivo municipal de Santiago). A súa participación nun partido galeguista non escomenza deica o ano 1890, na Asociación Rexionalista. Agora ben, a liña de orgaización política da Asociación Rexionalista é a de Brañas, que xa dixemos coincidía ca federal. Por conseguinte, Brañas e Murguía constrúen o seu programa *despóis* do paso do federalismo. Concluindo, non albisco nãas miñas afirmacións mistificación ou manipulación algunha.

### 3. *As contradiccións:*

Vilas atopa unha manifesta contradicción en que eu diga que a "gran idea" de Faraldo non tivo gran repercusión no pobo no seu momento, e que máis adiante afirme que os federalistas orientáanse cara o rexionalismo pra adequerir consenso popular xa que o rexionalismo é un valor "in crescendo". Si Vilas tivera de man a cronoloxía e a historia non tería que amosar tal asombramento. Dende o 1846 ao 1873 van 27 anos nos que o rexionalismo, por obra especialmente dos literatos e de algunha institución, como a Sociedade Económica de Santiago que orgaiza, antre outras cousas, o Congreso Agrícola de 1864, comenza a enraigarse no pobo. Por outra parte non debe esquencer o Sr. Vilas que hai intres de ritmo histórico moito máis acelerado, como o do período 1868-1873. Decataráse, pois, que a contradicción non existe por ningures. Habería contradicción si eu afirmara que o pobo ao mesmo tempo lle nega o seu consenso a Faraldo e llo concede aos federáis, uns e outros por rexionalistas. Pro no 1846 o federalismo aínda non nacera.

4. A derradeira frase da miña comunicación semella causar non poucos problemas esexéticos a Vilas. Dí eisí: "A partir del movimiento republicano el regionalismo gallego, cuya evolución hasta este momento es absolutamente independiente del catalán, adquiere un peso y una profundidad que antes no tenía". Coido que o texto non é confuso. A súa espricación é a seguinte:

—Quer decir que o rexionalismo galego deica 1872-73 foi un movemento independente do catalán aínda que os condicionantes de base poideran coincidir nalgún sector, deiquí a posibilidade de apricación de un parello modelo de interpretación histórica. O feito de aludir agora ao catalanismo foi pra rexeitar posicións contrarias e recentes que defenden un influxo do rexionalismo catalán sobor do galego.

—Quer decir, tamén, que o rexionalismo galego adquire, gracias ao aporte federal, unha nova siñificación política e unha orientación froito da nova política subxacente. Quezáis todo quede máis claro si distinguimos dunha vegada antre rexionalismo e partidos políticos rexionalistas. O rexionalismo ou movemento rexionalista, ca súa filosofía propia e ca súa mística tamén propia ten, polo menos dende Faraldo, un pulo e unha forza indiscutíbel. Dende o intre que afirmo a existencia dun movemento rexionalista está claro que teño que aceptar nel unha realidade política. Pro esto é moi distinto dun partido político especificamente galego. Cecáis a idea deste partido agromou xa en Faraldo e no grupo de 1840-46. Non séi. De calquer xeito con ou sin partido, é aínda que os nosos políticos rexionalistas estiveran afiliados aos grandes partidos nacionáis, vivía e latexaba o rexionalismo, que é algo

moi distinto dun específico partido. Despóis do desastre de 1846 o movemento rexionalista, quezáis por unha especie de bioloxía social, retirase das cotas políticas máis avanzadas e atrinchéirase preferentemente no ámbito cultural. O novo pulo económico e político adquireno na época federal e da man dos federáís que tiñan que ser rexionalistas por un dobre motivo: pola súa filosofía xurídica (a teoría do pacto de Pi Margall) e por estratexia proselitista. Entón o movemento rexionalista, esa especie de pouso histórico que permanece no fonal da nosa vida como pobo, arrúfase e enriquecese co aporte federal. Emporiso Brañas e o Murguía político do 1880 atópanse cun rexionalismo moi distinto do rexionalismo de Faraldo ou do rexionalismo cultural dos que lle seguiron. Coido que no fardel do federalismo contará sempre o feito de ter proietado o movemento rexionalista nunha dirección manifestamente económica e independentista.

5. Pra rematar non poido por menos de referirme a dúas afirmacións particularmente graves do artigo de Vilas. A primeira é a imputación que me fai de que pra mín o rexionalismo é unha creación do federalismo. Tal afirmación estaba xa desmentida polo prantexamento que fixen da interpretación ideolóxica do rexionalismo galego como un movemento histórico periódicamente engrosado por diversos aportes. Afirmar, por conseguinte, éste é non entender absolutamente nada do que escribín.

A segunda, é a afirmación inxuriosa de que pretendín negar ou reducir ao mínimo a especificidade histórica de Galicia. Non merece nin resposta.

Con este artigo dou por concluído, na custión, o diálogo co Sr. Vilas Nogueira, un diálogo que pretendín fora intelectual.

**XOSÉ R. BARREIRO FERNÁNDEZ**  
Da Real Academia Galega  
Santiago